

A MÚSICA EN ROMA

Os romanos tomaron a súa música de Grecia, sobre todo despois de que este territorio se convertise en provincia romana no 146 a.C. Posiblemente, esta música substituíu á súa propia, de orixe etrusca, da que non temos ningunha información.

Sabemos que a versión romana do aulos, a *tibia*, e os seus tocadores, os *tibicinis*, ocuparon un lugar importante nos ritos relixiosos, a música militar e o teatro. Destacaban tamén varios instrumentos de metal, que se empregaban en cerimoniais relixiosas, estatais ou militares.

A música estaba presente en todas as actividades públicas e privadas. Sabemos que coñecer a música e os termos musicais era considerado parte fundamental da educación dunha persoa cultivada.

Durante a época de esplendor do imperio romano, (os dous primeiros séculos da era cristiá), a arte, a filosofía, a música... importáronse do mundo helénico. Hai numerosos relatos acerca da popularidade de virtuosos célebres, do predomínio das grandes coros e orquestras e de certámenes e festivais musicais. Os emperadores eran grandes patrocinadores da música e incluso Nerón aspirou á fama persoal como músico.



Para resumir, podemos dicir que o mundo antigo legou á Idade Media certas ideas fundamentais relativas á música:

1. Estaba ligada ao texto.
2. O executante recreaba a música cada vez que a tocaba.
3. Unha filosofía da música que consideraba este arte non como unha serie de sons fermosos senon coma un sistema ordeado, coincidente co sistema da natureza e como forza capaz de afectar ao pensamento e conduta das persoas.
4. Unha teoría acústica.
5. Un sistema de formación de escalas baseadas en tetracordos.